

3. O grupo de traballo, que funcionará por delegación do Pleno do Octuga, estará formado por:

a) O director/a xeral competente en materia de promoción da investigación da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de educación universitaria, que actuará como coordinador do grupo de traballo e que poderá delegar esta función noutro membro do grupo.

b) O director/a xeral competente en investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica ou persoa en quen delegue, con rango de subdirector/a ou xefe/a de servizo.

c) O director/a da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), ou un técnico en que delegue.

d) Un funcionario/a, en representación da consellería competente en educación universitaria, co rango de subdirector xeral ou xefe de servizo.

e) Un técnico/a de cada unha das universidades do Sistema Universitario de Galicia, que teña competencias na xestión de datos e indicadores relacionados coa investigación, designado polo seu respectivo reitor.

O grupo de traballo poderá contar co apoio informático que precise para o desenvolvemento das súas tarefas. Ademais, poderá requirirse a presenza dun técnico do Instituto Galego de Estatística (IGE) cando as tarefas desenvolvidas o fagan necesario. O devandito técnico será designado polo director do Instituto Galego de Estatística.

4. No Pleno e no grupo de traballo procurárase unha composición de xénero equilibrada segundo o previsto na Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Artigo 5º.-Réxime de reunións do Pleno e do grupo de traballo.

1. O Pleno do Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia (Octuga) reunirase, como mínimo, dúas veces ao ano en sesión ordinaria, e co carácter extraordinario sempre que o seu presidente ou presidenta o considere oportuno. As reunións serán convocadas polo presidente/a, cunha antelación mínima de sete días no caso das ordinarias, e de corenta e oito horas no caso das extraordinarias.

2. O grupo de traballo reunirase coa frecuencia e condicións que acorden para permitir o bo desenvolvemento das actividades do observatorio.

Artigo 6º.-Funcionamento e apoio técnico.

1. O funcionamento do Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia (Octuga) axustárase en todo o que non prevé este decreto, ás normas que sobre os órganos colexiados contén o capítulo II, do título II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Correspóndelle á dirección xeral competente en materia de promoción da investigación da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de educación e ordenación universitaria, o apoio material e persoal necesario ao Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia (Octuga) para o desenvolvemento das súas funcións. O Octuga deberá dispoñer dos recursos económicos, materiais e humanos suficientes para o desenvolvemento satisfactorio das súas funcións. A constitución e posta en funcionamento do observatorio non xerará aumento dos créditos orzamentarios asignados á consellería competente en materia de educación.

3. A consellería con competencia en materia de educación e ordenación universitaria poderá delegar na Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) o desenvolvemento e xestión das actividades detalladas no artigo 3º deste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de educación universitaria para ditar as ordes e instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de xullo de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Decreto 186/2008, do 24 de xullo, polo que se crean os centros de día de alzheimer de Ribeira, Lugo, Celeiro (Viveiro), Moaña e Vigo integrados na rede galega de centros de día de atención social para persoas con alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.

O artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia, en concordancia co artigo 148.1º.20 da Constitución española, establece a competencia exclusiva da comunidade autónoma no ámbito da asistencia social.

Con base na referida atribución competencial, aprobouse a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais (DOG nº 76, do 23 de abril), que vén a ordenar e regular os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais definido como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia. A devandita lei inclúe, no seu artigo 5.3º, entre as súas áreas de actuación, as dirixidas á vellez.

Dentro dos programas propios dos servizos sociais de atención especializada para a vellez, o Decreto 19/2008, do 7 de febreiro, polo que se crea a rede galega de centros de día de atención social para persoas con alzheimer e outras demencias neurodegenerativas, creou unha nova tipoloxía de centros de atención diúrna destinados a este colectivo.

Por outra banda, o Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais regula a obrigatoriedade de obter autorización administrativa previa para a creación ou construción dos centros de servizos sociais, especificando os requisitos xerais que deben cumprir.

Neste senso, segundo o disposto no artigo 29 da Lei 4/1993, de servizos sociais e o artigo 6 do Decreto 143/2007, para a creación de centros de servizos sociais propios da Administración autonómica, será necesaria unha norma con rango de decreto.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, no uso das súas competencias e sendo consciente das elevadas necesidades asistenciais que teñen as persoas que padecen alzheimer e outras síndromes funcionais de carácter neurodegenerativo, ademais do efecto que esta situación causa sobre as persoas afectadas e sobre os seus familiares, asumiu como compromiso prioritario o desenvolvemento dunha rede pública autonómica de centros de día de atención especializada, dirixido ás persoas enfermas de alzheimer e outras demencias. Así mesmo, con este fin o artigo 6.2º do decreto recolle a posibilidade de que os centros poidan desenvolver programas de carácter sociocomunitario dirixidos a un número maior de persoas con alzheimer e outras demencias neurodegenerativas.

En consecuencia, e dentro dos obxectivos sinalados, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pretende levar a cabo a posta en marcha dos centros de día de Ribeira, Lugo, Celeiro (Viveiro), Moaña e Vigo, que formarán parte da antedita rede pública.

Con base na proposta da Vicepresidencia da Xunta de Galicia logo da deliberación no Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e catro de xullo de dous mil oito.

DISPOÑO:

Artigo único

Créanse ao abeiro do previsto no artigo 6. apdo c) do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, integrados na rede galega de centros de día de atención social para

persoas con alzheimer e outras demencias neurodegenerativas os seguintes centros:

-Centro de día de alzheimer de Ribeira, para un total de 40 prazas (Nº de expediente 2008/22).

-Centro de día de alzheimer de Lugo, sito na rúa Juana la Loca de Lugo, para un total de 40 prazas (Nº de expediente 2008/18).

-Centro de día de alzheimer de Celeiro (Viveiro), sito na Casa do Mar de Celeiro, para un total de 30 prazas. (Nº de expediente 2008/15).

-Centro de día de Moaña, sita na parcela 11 no polígono Rosal Sur en Moaña, para un total de 50 prazas. (Nº de expediente 2008/13).

-Centro de día de Vigo, sito na Casa do Mar na avda. Beiramar de Vigo, para un total de 40 prazas. (Nº de expediente 2008/13).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e catro de xullo de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

Decreto 187/2008, do 24 de xullo, polo que se crea a vivenda tutelada Mentor de Vigo para mozos/as tutelados/as ou en garda.

O artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia, en concordancia co artigo 148.1º.20 da Constitución española, establece a competencia exclusiva da comunidade autónoma no ámbito da asistencia social.

En virtude desa atribución competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, pola que se ordenan e regulan os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais, como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia, estruturado en dous niveis de atención: primaria e especializada.

A dita norma veu regular os servizos sociais de atención especializada na área de familia, infancia e mocidade, e establece determinados programas e equipamentos, entre os que figuran as residencias de meno-